

O Software Libre nas empresas informáticas de Galicia

Resumo executivo. Ano 2010



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia



OBSERVATORIO
da Sociedade da Información
e da Modernización
DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

O Software Libre as empresas informáticas de Galicia

Resumo executivo

1. Principais datos sobre o Software Libre nas empresas informáticas
2. Empresas informáticas que non usan Software Libre
3. As empresas informáticas como provedoras de solucións TIC



Presentación


Neste documento amósanse os principais resultados da “Enquisa ás empresas informáticas sobre a Sociedade da Información en Galicia” na información relativa ao Software Libre.

Esta enquisa foi elaborada polo OSIMGA, no marco da encomenda realizada pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica á Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia

1.Principais datos sobre o Software Libre nas empresas informáticas: Ordenadores e servidores

Empresas con ordenadores e servidores

(% empresas informáticas)



A totalidade de empresas informáticas galegas conta con ordenadores de usuario e o 78,8% con servidores.


Fonte: OSIMGA

O 72,2% das empresas informáticas galegas dispoñen de Software Libre, cun incremento de 14,3 puntos porcentuais con respecto ao ano 2006. Se ben a evolución é menor que nas empresas de 10 e máis empregados/as do resto dos sectores, xa que a posición de partida era xa maior. o que reflicte que o Software Libre está amplamente consolidado no sector TIC.

Empresas informáticas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

Empresas con Software Libre

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

1. Principais datos sobre o Software Libre nas empresas informáticas: Ordenadores

Tipoloxía de Software nos ordenadores

(% empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA


O Software Libre está presente no 68,6% das empresas informáticas de Galicia.

A dispoñibilidade de Software Libre en ordenadores incrementase en todos os estratos de asalariados / as das empresas informáticas agás nas máis pequenas. Cabe salientar o aumento de 10,2 puntos porcentuais nas empresas de 3 a 9 empregados / as no período 2008-2010.

Empresas informáticas con Software Libre en ordenadores segundo nº de empregados/as

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

1. Principais datos sobre o Software Libre nas empresas informáticas: Servidores

Tipoloxía de Software nos servidores

(% empresas informáticas)



Un 49,3% das empresas informáticas galegas contan con Software Libre nos servidores.


A porcentaxe de empresas informáticas con Software Libre nos servidores incrementouse 9,7 puntos porcentuais no período 2008-2010.

A dispoñibilidade de Software libre nos servidores aumentou en todos os estratos de asalariados / as das empresas.

Empresas informáticas con Software Libre en servidores segundo nº de empregados/as

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

1. Principais datos sobre o Software libre nas empresas informáticas: Sistemas Operativos e Aplicacións

**Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres/
propietarias nos ordenadores**

(% empresas informáticas que teñen ordenadores)




Fonte: OSIMGA

O 35% das empresas informáticas con ordenadores dispón de sistemas operativos libres e o 57% con aplicacións libres.

**Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres/
propietarias nos servidores**

(% empresas informáticas que teñen servidores)




Fonte: OSIMGA

O 39,2% das empresas informáticas con servidores conta con sistemas operativos libres e o 52,7% dispón de aplicacións libres.

Aplicacións de Software Libre dispoñibles nas empresas

(% empresas informáticas)




Fonte: OSIMGA

Das aplicacións de Software Libre dispoñibles nas empresas informáticas destacan o navegador de Internet (58,3%), a ofimática (47,6%) e o xestor de correo electrónico (40,6%).

1. Principais datos sobre o Software Libre nas empresas informáticas: Nivel de satisfacción

Nivel de satisfacción co uso do Software
(empresas informáticas que teñen Software Libre / Propietario)




O grao de satisfacción das empresas informáticas na utilización do Software Libre continúa a ser elevada, superior á amosada co Software Propietario.

Fonte: OSIMGA

Nivel de satisfacción co uso do Software Libre
Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(empresas informáticas que teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

2. Empresas informáticas que non usan Software Libre

Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas que non teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

Empresas que cren que se beneficiarían co uso do Software Libre

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

O 27,8% das empresas informáticas non usan Software Libre fronte ao 35,3% que se rexistraba no ano 2007.

A maioría delas non o utilizan por incompatibilidade cos sistemas actuais da empresa (24,3%), ou por descoñecemento ou falta de información (22,2%).

Cabe salientar a redución da porcentaxe de empresas informáticas que indica a falta de provedores e a incompatibilidade cos seus sistemas actuais como barreiras para implantar o Software Libre.


Só un 36,3% cre que se beneficiaría co seu uso.

2. Empresas informáticas que non usan Software Libre

Previsión do uso do Software Libre nas empresas que non o usan

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas que non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009


Máis de dous terzos das empresas informáticas que non utilizan Software Libre aínda non tomou en consideración o seu uso (68,6%), aínda que descende 11 puntos porcentuais a porcentaxe de empresas informáticas que afirma que nunca utilizarán Software Libre.

Isto supón que as empresas que non o usan non teñen prexuízos contra o software libre e probablemente estarían abertas ao seu emprego, o que evidencia unha boa situación para a evolución do mercado do software libre.

3. As empresas como provedoras de solucións TIC

Empresas que ofertan produtos ou servizos de Software, propios ou de terceiros aos seus clientes segundo o nº de empregados / as


(% empresas informáticas)



Software Libre/Propietario ofertado

Comparativa 2007-2010 ⁽¹⁾

(% empresas informáticas que ofrecen productos de software)



Algo máis da metade (50,1%) das empresas informáticas ofertan produtos ou servizos de software aos seus clientes. O 59,7% delas ofrecen produtos de Software Libre. Esta oferta medrou de xeito moi significativo (15,2 puntos porcentuais) no período 2008-2010.


Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2009

3. As empresas como proveedoras de solucións TIC

Aplicacións de Software ofertadas


(empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre/ de Software Propietario)



Fonte: OSIMGA

Porcentaxe de facturación e de produtos ofertados

(empresas informáticas que ofrecen produtos de Software Libre/ de Software Propietario)




Fonte: OSIMGA

As aplicacións ofertadas son principalmente as relacionadas con antivirus e seguridade, ofimática e xestión empresarial. Especificamente de Software Libre, as aplicacións maioritariamente ofertadas polas empresas informáticas son ofimáticas (35,9%) e navegadores de Internet (31%). Os produtos ou servizos de Software Libre supoñen o 24,4% da facturación actual das empresas.

3. As empresas como proveedoras de solucións TIC

Nivel de satisfacción co resultado do Software Libre

(empresas informáticas que ofertan Software Libre)



O nivel de satisfacción das empresas co resultado do Software Libre é elevado, destacando os aspectos relacionados coa produción e mantemento de software (7,4 puntos en escala de 0 a 10) xunto cos resultados económicos da venda do software (7,1 puntos). No entanto, é preciso enfocar cara unha mellor formación dos técnicos.


Fonte: OSIMGA

As liñas para a potenciación do Software Libre en opinión das empresas informáticas deberían orientarse cara á demostración de produtos (37,9%) e a formación aos usuarios / as en Software Libre (35,9%).

Estas accións están en consoancia coas liñas de actuación da Xunta de Galicia e as accións que está a realizar o Centro Demostrador TIC de Galicia.

Accións para promover o Software Libre nas empresas

(% empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA



Ficha Técnica da enquisa

Ámbito: Galicia

Universo: empresas informáticas con actividade en Galicia (CNAE 2009: 62, 63.11, 63.12, 58.2, 95.1, 46.5), que non son persoas físicas e que teñen de 0 a 49 traballadores / as. O universo está conformado por 1.286 unidades ¹.

Tipo de enquisa: Entrevista autoadministrada vía web, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

Tamaño da mostra: 275 entrevistas.

Afixación: polietápica; estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego e actividade desenvolvida pola empresa; nunha segunda fase selección aleatoria da unidade a entrevistar dentro de cada un dos estratos.

Erro mostral: Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro mostral é de $\pm 5,35\%$.

Período de referencia: o ano 2010 para as variables de fluxo e para as variable de fondo decembro de 2010.

Traballo de campo: do 18 de marzo ao 20 de abril de 2011.

[1] Fonte: IGE, Explotación do directorio de empresas e unidades locais, ano 2009.

